

# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

### **PRESIDENTE**

D. Pablo Diego Moreda Gil

### **CONCELLEIROS**

Don Manuel Pérez Riola  
Don Nicolás Vergara Quintiana  
Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Pérez  
Dona Manuela López Rodríguez  
Don José Camilo Casal García  
Don Robustiano Labraña Barrero  
Don Luis Rubido Ramonde  
Don Alfredo Vilela Santalla  
Don Pablo Luis Nebril López  
Dona Esther Couto Lamigueiro  
Dona M<sup>a</sup> Luisa Pérez Prieto

### **AUSENTES:**

Excusa a súa asistencia Don Esteban Blanco Garrote

### **SECRETARIA:**

Dona Ana Velo Ruiz

### **INTERVENTOR:**

Excusa a súa asistencia Don Jorge M. Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás vinte horas e dous minutos do día doce de febreiro de dous mil dezaseis, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.


## **1.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DUN PROXECTO TÉCNICO NO POS COMPLEMENTARIO- 2016**

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10.02.2016, que dí:

“Vista a Resolución da Alcaldía núm. 50/2016 de data 04.02.2016, que dí:

“Mediante o acordo plenario de data 17/12/2015 solicitouse a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación Provincial da Coruña. No apartado 2º deste acordo foi aprobado o Plan complementario do ano 2016 co seguinte proxecto:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Pavimentación de camiños en Vilarcay e Meizoso	32743,14



# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

<b>TOTAIS</b>	32743,14

Na mesma sesión plenaria de data 17/12/2015 solicitouse a participación no Plan de Acción Social (PAS) 2015. Entre os investimentos financeiramente sostibles de carácter social foi incluído o proxecto denominado “Instalación de rede sen fíos en núcleos rurais”

Con data 29/01/2016 recibíuse a través da plataforma SUBTEL unha notificación na cal se rexeita a inclusión do proxecto denominado “Instalación de rede sen fíos en núcleos rurais” no PAS 2015 por non ter o carácter social no sentido previsto na súa base 2.2 das reguladoras do Plan.

Consultado ao Servizo de Plans da Excm. Deputación Provincial a posibilidade de inclusión do citado proxecto no Plan Provincial de cooperación á sobras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, sendo factible ao tratarse dunha obra de competencia municipal, e sendo interese deste concello a execución do citado proxecto ao abeiro dun plan provincial para optar a axuda no seu financiamento, é polo que **RESOLVO**:

1.- Aprobar o proxecto denominado “Instalación de rede sen fíos en núcleos rurais”

2.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial a inclusión do proxecto denominado “Instalación de rede sen fíos en núcleos rurais” no POS complementario do ano 2016, quedando así do seguinte xeito:

## POS COMPLEMENTARIO 2016:


Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Pavimentación de camiños en Vilarcay e Meizoso	32743,14
Instalación de rede sen fíos en núcleos rurais	43570,31
<b>TOTAIS</b>	<b>76313,45</b>

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución achégase



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

9.- Enviar a través da plataforma SUBTEL a documentación técnica e xurídica necesaria.

10.- Ratificar a presente resolución polo Pleno do Concello na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por catro votos a favor, do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un), e de ANOVA (un) e tres abstencións do PP, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 50/2016 de data 04.02.2016.”


Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Bueno, aclarar, ben o dí ahí, o tema do carácter social. A verdade é que nós chamamos aos responsables da Deputación dos plans para dicirlles que non entendíamos que esta obra que non se metese con carácter social e eles dixeron que o discutiran moito, que o miraran moito, pero que entendían que tiña máis carácter social facer unha pista ó lado dun colexio ou incluso cubrir un parque infantil. Que hoxe en día creo que o carácter social nas parroquias, intentar dotalas das infraestructuras que hai igual que hai no urbano é importantísimo. Cremos que é unha obra que se ten que facer, por iso o metemos no complementario. Deixamos as dúas obras e cando se saquen esas obras a licitación coas quitas que haxa, coas baixas, veremos cal das dúas se poderá facer. Pero a idea de entre as dúas é facer esta.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero o PAS ten de raíz un problema, que ten que respectar a normativa dos remanentes, co cal o resultado é ese.

O Sr. Alcalde di: Xa, pero a ver, é que os criterios sociais... Eles sei que tiveron dúbidas, pero as dúbidas foron negativas para o Concello.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 50/2016 de data 04.02.2016.

## **2.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CORRIXIDO- POS 2016**



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10.02.2016, que dí:

“Vista a Resolución da Alcaldía núm. 38/2016 de data 28.01.2016, que dí:

“Mediante o acordo plenario de data 17.12.2015 solicitouse a participación no Plan de Obras e Servizos 2016 da Deputación Provincial; no cal foi incluído entre outros, o proxecto da obra "Construción de nichos no cemiterio municipal".

Con data 25.01.2016 recibíuse un requirimento sobre a documentación presentada telematicamente (expte. 2015000007367), referida a deficiencias atopadas en dous importes do proxecto técnico da referida obra.

Unha vez corrixidas as deficiencias requiridas no proxecto da obra "Construción de nichos no cemiterio municipal", **RESOLVO:**

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Construción de nichos no cemiterio municipal", unha vez corrixidas as deficiencias que foron requiridas.

2.- Enviar o proxecto técnico "Construción de nichos no cemiterio municipal" á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 38/2016 de data 28.01.2016.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 38/2016 de data 28.01.2016.

### **3.- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DOS DEREITOS E OBRIGAS DIMANANTES DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS URBANOS, PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA**

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10.02.2016, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposición de Alcaldía de data 05.02.2016, que dí:

“Resultando que polo Concello Pleno, en sesión realizada o 31 de maio de 2006, se adopta acordo aprobando o expediente para a contratación, mediante concurso con procedemento aberto, da



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza viaria do Concello de Cedeira,

Resultando que en sesión realizada o 27 de setembro de 2006, o Pleno adopta acordo adxudicando á mercantil CELTA PRIX S.L. o contrato da concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza viaria do Concello de Cedeira polo prezo anual de 377.499,55 euros, IVE engadido, cos dereitos e abrigas recollidos nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Condicións Técnicas que rexen dita concesión, aprobados polo Pleno do Concello na referida sesión de 31 de maio de 2006,


Resultando que en data 03 de febreiro de 2016 (registro de entrada núm. 0666), se presenta escrito por D. Francisco Alonso Junquera, en calidade de Administrador Único, en nome e representación da mercantil CELTA PRIX S.L., polo que solicita a cesión dos dereitos e obrigas dimanantes do contrato administrativo de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza viaria do Concello de Cedeira, asinado o 31 de outubro de 2006 entre o Concello e CELTA PRIX S.L., a favor da sociedade mercantil SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.,

Visto o informe de Secretaría de data 03 de febreiro de 2016 no que se indica o cumprimento, con salvidades, dos requisitos esixidos no artigo 114 b) e c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, isto é, que o cedente teña executado ao menos un 20 por cento do importe do contrato, ou realizada a explotación ao menos durante o prazo dunha quinta parte do tempo de duración do contrato se éste fose de xestión de servizos públicos, e que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixible de conformidade cos artigos 15 a 20 da LCAP, debendo estar debidamente clasificado si tal requisito houbera sido esixido ao cedente, e a solvencia e demais requisitos esixibles conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente concesión,

Visto o informe de Intervención de data 05 de febreiro de 2016 no que se considera que se cumpren, con salvidades, os requisitos obxectivos e subxectivos para a cesión do contrato,

Visto o establecido no citado artigo 114 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e restante normativa de aplicación, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a cesión do contrato da concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza viaria do Concello de Cedeira, asinado o 31 de outubro de 2006 entre o Concello e CELTA PRIX S.L., a favor da sociedade mercantil SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L., que o cedente e o cesionario formalizarán en escritura pública.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

A eficacia do presente acordo quedará condicionada á efectiva formalización da cesión en escritura pública, momento a partir do cal o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente, e asumirá todas as débedas, incluso as anteriores á cesión, de acordo co compromiso presentado en data 02 de febreiro de 2016.

SEGUNDO.- Notificar ao cesionario o presente acordo e requirirle para que dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data en que reciba a notificación presente o documento que acredite ter constituída a garantía definitiva por importe de 100.000 euros, de conformidade co previsto na cláusula XV do prego de cláusulas administrativas particulares.

TERCEIRO.- Notificar ao cedente o presente acordo e proceder á devolución da garantía prestada desde o momento en que quede formalmente constituída a mesma por parte do cesionario.

Non obstante o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: A maiores a empresa meteu unhas contraprestacións no sentido de incremento da frecuencia de lavado dos contenedores, que lle dixemos que polo menos no verán intentar lavalos con un pouco máis de intensidade que o que ven no contrato. Que se comprometa co tema da reparación, algunhas das cousas que veñen no contrato no tema da aportación de tres subcontenedores para os contenedores de recollida selectiva no rural. Serían tres ao mes ata chegar a un total de trinta. Eles iban a aportar os contenedores estes e nosoutros, o Concello o que faríamos sería comprarllos. Sería máis unha medida que nos meteron ahí eles, pero bueno. Non sei si Camilo quere engadir algo máis.

O Sr. Casal García di: Non. Hai unha serie de contraprestacións... un par de incumprimentos que son, unha: que cando se asinou o convenio fálase de que ten que haber unha oficina aquí de atención ao público e non a hai, e nosoutros consideramos que tampouco o prexuízo é tan grande. E logo outra cláusula que non cumpren é a da recollida de cartón porta a porta naqueles comercios, naqueles establecementos en que se producira moito cartón. Entóns a conta deso pedíronse unha serie de contraprestación: colectores amarelos, verdes, os ferros estes, etc.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos que quedou transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e quince minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA